# PEDRA DA CAMPOSA



A tu izquierda puedes ver los preciosos y solitarios arenales de Area Grande y Area Pequena, apartados del "mundanal ruido" por su situación encajada entre desniveles pronunciados y su acceso exclusivo por caminos de a pie.
Al igual que en el resto de playas de A Costa da Morte, son frecuentes las apariciones de restos de naufragios o "crebas", que tras vagar por el mar a capricho de corrientes y olas, acaban siendo sedimentadas en sus arenas. Maderas, caucho y objetos de todo tipo tales como salvavidas, boyas, bidones etc. son algunos ejemplos de "crebas".
Tiempo atrás, la ley del mar establecía que todo lo que aparecía en la costa era de quien se lo encontraba. Así que tras fuertes temporales no era raro ver a vecinos de aldeas próximas rastreando las rocas.
Todo el litoral de Canosa y Lires fue muy afectado por la catástrofe del Prestige, en noviembre de 2002. Por su difícil acceso, fueron zonas cuya limpieza se retrasó mucho.

Á túa esquerda podes ve-los preciosos e solitarios areais de Area Grande e Area Pequena, apartados do "mundanal ruido" pola súa situación encaixada entre desniveis pronunciados e o seu acceso exclusivo por camiños de a pé.
Ao igual que no resto das praias da Costa da Morte, son frecuentes as aparicións de restos de naufraxios, as crebas, que tras vagaren polo mar a capricho de correntes e tombos, rematan sendo sedimentadas nas súas areas. Madeira, caucho e obxectos de todo tipo tales como boias, bidóns, etc. son algúns dos exemplos de crebas.
Tempo atrás, a lei do mar establecía que todo o que aparecera na costa era de quen o atopara. Así que tras fortes temporais non era raro ver a veciños de aldeas próximas rastrea-las ribeiras.
Todo o litoral de Canosa e Lires foi moi afectado pola catástrofe do Prestige, en novembro de 2002. Polo seu difícil acceso, foron zonas nas que a limpeza se retrasou máis.




0.- Punto de partida.
1.- Piscifactoría.
2.-Iglesia Santo Estevo de Lires.
3.- Cementerio.
4.- Fuente Santo Estevo.
5.-. Camposa de Prado do Portelo.
6.-. Fuente Soleiros
7.-Cruce Bugallón
8.- Mirador de As pedras de Padrís.(llegada)
9.- Fonte Besugueira
10.- Mirador do Peón do Cabo









## TOPÓNIMOS DAS RIBEIRAS DA CANOSA ATA LIRES

11.-O Rostro
12.-Petón Vermello I e Mexadoira
13.-Enzarro
14.-Pedra Cercada
15.-Carreiros
16.-A Sabino e Punta do Narís
17.-Besugueira
18.-Pedra da Charca
19.-Canleira
20.-Coudal
21.-Xesteira
22.-Petón Vermello II
23.-Pedra do Cortello
24.-Lavadoiro do Demo
25.-Laxe
26.-Pedra do Vendaval
27.-Fonte Salagoa
28.-Pozo da Salsa
29.-Baladiño Novo
30.-Baladiño Vello
31.-Pontella do Prado
32.-Pé do Muño
33.-Area Grande e Pequena
34.-Billuarto
35.-Praia de Lires

En las riberas de Lires y Canosa la fauna marina es muy variada. Si te acercas a las rocas podrás ver erizos, mejillones , cangrejos, estrellas de mar, caracolas o "caramuxas"... aunque de todos se distinguen los mariscos más apreciados por su sabor, como el percebe (pollicipes cornucopiae), el pulpo (octopus vulgaris) o el mejillón (Mytilus Galloprovincialis) Recibe el nombre de marisco cualquier invertebrado marino susceptible de ser comercializado para el consumo humano. Galicia posee los mejores mariscos del mundo debido a su geografía y a la riqueza de sus aguas, causada por el brote de nutrientes frente al litoral. Esta circunstancia favorece el crecimiento de un rico fitoplancton, base de la cadena trófica, que alimenta a los mariscos. Actualmente la mayoría de las especies están sometidas a un período de veda y a unas medidas legales mínimas.
El mejillón alcanza su tamaño máximo en un año, entre los meses de septiembre y diciembre. Como todos los moluscos filtradores se ve afectado, a finales del verano, por las purgas marinas causadas por un protozoo que impide su consumo sin depurar.
El pulpo es un molusco sin caparazón muy presente en estas zonas costeras, sobre todo el llamado pulpo cabezón, que tiene una cabeza enorme y se destina a la exportación y a las conservas.
La captura del percebe es especialmente dificultosa, pues los ejemplares de mayor calidad se encuentran en los acantilados más inaccesibles y batidos por el mar. Los percebeiros gallegos arriesgan sus vidas en lucha con el frío, la humedad y el peligro de la falsa ola, de ese mar siempre al acecho.

"Alónxate do mar manso, que o bravo xa se ve vir".

Los percebeiros, hombres y mujeres que se descuelgan por los acantilados o saltan entre piedras cubiertas de espuma, son una especie de héroes solitarios, y como en el poema de Manuel Antonio,

"estamos sós, o mar e máis nós"

La separación de oficios de tierra y de mar se diluye en esta zona de la costa, y no es raro ver al lado de aperos de labranza, los de marisqueo; al lado de hórreos, redes; junto al "sacho", la "raspa".

" Non te cases cun ferreiro, que é moi malo de lavar, cásate cun mariñeiro, que vén lavado do mar" (popular)

En cuanto a la vegetación, hay abudancia de árboles, especialmente pinos (pinus pinaster) y eucaliptos(Eucalyptus). El bosque gallego está en evidente peligro, sobre todo en los últimos años, debido a los incendios forestales. La frecuencia de las quemas se ve incrementada por la repoblación forestal con especies de crecimiento rápido (como los antes mencionados), que contienen substancias fácilmente inflamables. En Galicia se estima que sólo cuatro de cada cien incendios son producidos por causas naturales, como los relámpagos. Los restantes son producidos por la acción del hombre, bien por negligencia o con intencionalidad. La solución del problema es compleja, y pasa, necesariamente, por la concienciación popular.

Nas ribeiras de Lires e Canosa a fauna mariña é moi variada. Se te achegas ás rochas poderás ver ourizos, cunchos ou mexillóns, cangrexos, estrelas de mar, caramuxas... aínda que de todos se distinguen os mariscos máis apreciados polo seu sabor, coma o percebe (pollicipes cornucopiae), o polbo (octopus vulgaris) ou o mexillón (Mytilus Galloprovincialis). Recibe o nome de marisco calquera invertebrado mariño susceptible de ser comercializado para o consumo humano. Galicia posúe os mellores mariscos do mundo debido á súa xeografía e á riqueza das súas augas, causada polo afloramento de nutrientes fronte ao litoral. Esta circunstancia favorece o crecemento dun rico fitoplancto, base da cadea trófica, que alimenta os mariscos. Na actualidade a meirande parte das especies están sometidas a un período de veda e a unhas medidas legais mínimas.
O mexillón acada o seu tamaño nun ano, entre os meses de setembro e decembro. Como tódolos moluscos filtradores vese afectado, a finais do verán, polas purgas mariñas causadas por un protozoo que impide o seu consumo sen depurar.
O polbo é un molusco sen cuncha moi presente nestas zonas costeiras, sobre todo o chamado polbo cabezón, que ten unha cabeza enorme e destínase á exportación e ás conservas.
A captura do percebe é especialmente dificultosa, xa que os exemplares de maior calidade atópanse nos acantilados máis inaccesibles e batidos polo mar. Os percebeiros galegos arriscan as súas vidas en loita co frío, a humidade e o perigo do falso tombo, dese mar sempre ao axexo.

"Alónxate do mar manso, que o bravo xa se ve vir"

Os percebeiros, homes e mulleres que se descolgan polos acantilados ou saltan entre pedras cubertas de escuma, son una especie de heroes solitarios, e coma no poema de Manuel Antonio,

"estamos sós, o mar e máis nós"

A separación de oficios de terra e mar dilúese nesta zona da costa, e non é raro ver a carón dos aparellos de labranza, os de marisqueo; a carón das cabaceiras, redes; xunta do sacho, a raspa.

" Non te cases cun ferreiro, que é moi malo de lavar, Cásate cun mariñeiro, que vén lavado do mar"

En canto á vexetación, abundan árbores coma os pinos (pinus pinaster) e eucaliptos (eucalyptus). O bosque galego está en evidente perigo, sobre todo nos últimos anos, debido ós incendios forestais. A frecuencia dos incendios vese incrementada pola repoboación forestal con especies de crecemento rápido (coma os antes mencionados), que conteñen substancias doadamente inflamables. En Galicia estímase que só catro de cada cen incendios son producidos por causas naturais, coma os lóstregos. Os restantes son debidos á acción do home, ben por neglixencia ou con intencionalidade. A solución do problema é complexa e pasa, necesariamente, pola concienciación popular.

Autora da Meigha Lirea: Isabel Martínez. Fotografía y Diseño: José Manuel Campos